

Deberíamos deixar
que as nosas amizades
decidan por nós?

E se nos dixesen
como debemos ser e que
ou quen nos pode gustar?

MÁIS DE 125.000 LIBROS VENDIDOS
DO FENÓMENO EDITORIAL *EU VOU COMIGO* E *EU SON*
DE RAQUEL DÍAZ REGUERA.



ISBN: 979-13-88434-13-6 www.nubeocho.com



EU SON

Raquel Díaz Reguera



EU SON



RAQUEL DÍAZ REGUERA



*As persoas non temos
que cargar con etiquetas.
Cada persoa é única
e debe definirse a si mesma,
ser como queira ser,
elixir libremente
e camiñar ao seu xeito.*



Eu son

Colección Somos8

© do texto e as ilustracións: Raquel Díaz Reguera, 2019/2026

© da edición: NubeOcho, 2026

© da tradución: Iria Carballo, 2026

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *Yo soy*

Primeira edición: Setembro, 2026

ISBN: 979-13-88434-13-6

Depósito Legal: M-18676-2026

Impreso en Portugal.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

EU SON

Raquel Díaz Reguera



Chámome Martiño.





E gústame unha nena que ten a cabeza
chea de paxaros. Seino porque cando
pasa polo meu lado sinto que me pica o
nariz e que os xeonllos se me poñen parvos.
Pero eu **disimulo** e ela, por sorte,
non se dá conta.





Na escola son dos que mellor xoga ao fútbol,
monto superbén en bici e parezo máis vello
que outros nenos da miña idade.

Aos do noso grupo chámannos os **POPU**, de
populares. Non poden pertencer a el todos os que
queren e creo que para o grupo sería imposible
que eu me fixase nunha nena tan... diferente? rara?

Supoño que teñen razón.



Hoxe, o meu amigo Lois,
esmendrellándose de risa, díxome:

—Pero como che vai gustar esa
nena? Non viches as súas **coletas**?
Ademais, a ti, que vas **peiteado**
coma os futbolistas famosos,
non che pega nada unha moza así.

Retoquei o **peiteado**
e pensei que **ten razón**.





—Viches as **lentes** que leva? —preguntoume
o meu amigo Alexandre—. Ti, que sempre
levas as túas **superlentes de sol**, nunca
porías algo así.

Retoquei o meu **peiteado**,
pestanexei tras as miñas **lentes de sol**
e pensei que **ten razón**.





Hoxe pasei ao lado da **nena “rara”** e notei que me miraba. Eu finxín que non a vía, pero deime conta de que non levaba nin as súas **coletas** nin as súas **lentes**.

Coma sempre, non o podo evitar, picoume o nariz e os xeonllos puxéronseme parvos, pero pasei sen parar porque...
non me pode gustar!

